



ANUNCIO

APERTURA DE PRAZO PARA PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE UTILIZACIÓN DO DEPARTAMENTO Nº 11-D, NO PORTO DE MUROS.

Mediante o presente anuncio procedese á apertura dun prazo **ata o 8 de xullo de 2019**, para a presentación polos interesados de solicitudes de ocupación de ditos departamentos, conforme ás seguintes bases:

1. As solicitudes presentaranse nas oficinas da Zona Centro do Ente Público Portos de Galicia, situadas na Avenida Alférez Provisional 5-1º, 15006 A CORUÑA, ou na forma indicada no artigo 38.4 da Ley 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, pero en todo caso deberá acreditarse a data e hora de presentación da solicitude.

2. Deberá aportarse a seguinte documentación:

a) Escrito de solicitude de ocupación dirixido a Portos de Galicia, Zona Centro, no que se detalle o nome ou razón social do peticionario, dirección, teléfono e fax, no seu caso, e fotocopia do N.I.F. ou C.I.F. segundo corresponda, e indicando o departamento que se solicita. O modelo de instancia está a disposición dos interesados na oficina de Portos de Galicia no porto de MUROS, e na páxina web: **www.portosdegalicia.com**

b) Documentación acreditativa das actividades do peticionario no porto de **MUROS**, de acordo cos criterios seguintes:

- En caso de armadores de buques de pesca/marisqueo, deberán presentar unha copia actualizada da folia de asento da embarcación, debidamente compulsada pola Capitanía Marítima, e acreditación da actividade de acordo co establecido na cláusula 4ª da presente convocatoria.

- En caso de exportadores de pescado, deberán acreditar a actividade de acordo co establecido na cláusula 4ª.

- En caso de armadores de 7ª lista, deberán presentar unha copia actualizada da folia de asento da embarcación debidamente compulsada pola capitanía marítima, copia compulsada do certificado de navegabilidade da embarcación, así coma orixinal ou copia autenticada do certificado que acredite o abono do seguro de responsabilidade civil da embarcación con vixencia no período onde se formaliza a solicitude.

- Nos demais casos, a documentación deberá acreditar co máximo detalle posible as actividades desenvolvidas polo peticionario no porto de MUROS.

c) No caso de que a petición se faga a nome dunha Sociedade, deberá presentarse fotocopia compulsada da Escritura de Constitución da Sociedade.

3. O Ente Público Portos de Galicia, á vista da documentación presentada, valorará as distintas solicitudes e procederá, no seu caso, ó outorgamento das autorizacións correspondentes, *darase preferencia ás solicitudes polo seguinte orden:*

1º) Armadores, sempre que a actividade acreditada xustifique a necesidade do departamento, e non dispoña de outro departamento autorizado neste porto.


2º) *Exportadores*

3º) *Armadores de 7ª lista, con preferencia os que teñan autorizada unha praza de amarre no porto ou teñan base nese porto;* e non dispoña de outro departamento autorizado neste porto. En caso de exceder o número de solicitudes o dos departamentos dispoñibles, a preferencia darase por orde de entrada en rexistro de acordo co establecido na Lei 30/92, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.

4º) *Outros usuarios. Sempre e cando os usos solicitados sexan conforme cos permitidos na Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios (DEUP), aprobado para o Porto, de ser o caso.*

4 A actividade á que se se refire os puntos da presente convocatoria acreditarase do seguinte xeito:

- Buques pesqueiros/marisqueo: certificación das vendas en lonxa dos tres últimos anos asociado ó solicitante e ó buque. Para o cálculo do volumen anual farase unha media destes tres anos. No caso de solicitantes que iniciasen a actividade farase a media sobre os anos declarados. No suposto de que nos tres últimos anos se propuxesen cambios de embarcación por parte do titular, poderase acreditar a actividade tanto da nova como da vella durante ese período.





- Marisqueo a pé: certificación das vendas en lonxa dos tres últimos anos relativo ó mariscador. Para o cálculo do volume anual farase unha media destes tres anos. No caso de solicitantes que iniciasen a actividade farase a media sobre os anos declarados.

- Exportadores: certificación das compras en lonxa dos tres últimos anos do solicitante. Para o cálculo do volume anual farase unha media destes tres anos. No caso de solicitantes que iniciasen a actividade farase a media sobre os anos declarados.

- So se terán en conta aqueles certificados anuais que superen un volumen de compras/ventas superior ó mínimo interprofesional. No suposto de embarcacións este mínimo interprofesional será multiplicado polo número de tripulantes da embarcación. O feito de non cumprir este requisito implicará a perda de prioridade no proceso de adxudicación sobre outros posibles solicitantes.

- No caso de que as vendas se acrediten nunha lonxa doutro porto, multiplicarase por 0,75 o importe acreditado se a lonxa está nun porto autonómico, e multiplicarase por 0,5 se as vendas acreditadas nunha Autoridade Portuaria.

- Terán prioridade as solicitudes dos propietarios de embarcación con base no porto onde se localiza o departamento, en segundo lugar os que teñan base nun porto que dependa da mesma confraría que o porto onde se localiza o departamento e en terceiro lugar os restantes. Para elo, o importe anual de vendas ponderarase multiplicándoas por 1,5 para embarcacións con base no mesmo porto, por 1,25 para os que teñan base nun porto dependente da mesma confraría e por 1 os restantes.

- No suposto de exportadores, ponderarase o volume de compras en lonxa de igual xeito, multiplicando por 1,5 para o volume acreditado na lonxa do mesmo porto, 1,25 para as compras en lonxas dependentes da mesma confraría e 1 para as restantes

5 As solicitudes tramitaranse una por cada titular, e no caso de armadores se poderá admitir una por cada embarcación da cal é propietario, sempre que se acredite a titularidade e a actividade de xeito desagregado

6 En caso de que algún solicitante xa dispoña dun departamento autorizado no porto de MUROS pasará ó final da lista de solicitantes da súa categoría a efectos de prioridade na adxudicación.

7 No serán admitidas as solicitudes das persoas ou entidades que teñan débedas pendentes co Ente Público Portos de Galicia, ni con ningunha outra administración pública, debendo remitir os xustificantes que acrediten que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social esixidas pola lexislación vixente (arts. 13, 14 e 15 do Real Decreto 1098/2001, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas, no que non se opoña ao establecido no art. 49 da Lei 30/2007, de contratos do sector público).

Isto implica presentar:

Certificación administrativa positiva expedida pola Axencia Tributaria de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias coa facenda estatal (indicaranse xenericamente os requisitos cumpridos e o carácter positivo da certificación).

Certificación administrativa positiva expedida pola Comunidade Autónoma de Galicia a través da Dirección Xeral de Tributos de non ter débedas de natureza tributaria (indicaranse xenericamente os requisitos cumpridos e o carácter positivo da certificación).

Certificación administrativa positiva expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social de atoparse ao día no cumprimento das obrigas coa Seguridade Social (indicaranse xenericamente os requisitos cumpridos e o carácter positivo da certificación).

8 De conformidade co disposto na normativa sobre facendas locais, Portos de Galicia repercutirá a parte da cuota líquida do imposto de bens inmoables en razón á parte do valor catastral que corresponde á superficie utilizada e á construción directamente vinculada a cada cesionario do dereito de uso

9 As condicións que rexerán a ocupación dos departamentos poderán ser examinadas nas oficinas de Portos de Galicia no porto de MUROS, e na páxina web: **www.portosdegalicia.com**.


A Coruña, 18 de xuño de 2019
A XEFA DA ZONA CENTRO
Asdo: Lorena Solana Barjaçoba





TITULAR
DIRECCIÓN
POBOACIÓN
PROVINCIA

ASUNTO: AUTORIZACIÓN PARA UTILIZACIÓN DE INSTALACIONES PORTUARIAS DE OCUPACIÓN DE SUPERFICIE

TIPO: OCUPACIÓN DE SUPERFICIE CUBERTA

PORTO: MUROS

DESTINO: ALMACEN PERTREITOS DE PESCA DE EMBARCACIÓN PROFESIONAL.

LOCAL: 11-D

(REPRESENTANTE) con NIF (NÚMERO CIF/NIF) actuando en nome e representación PROPIA/ DA MERCANTIL/ENTIDADE (EMPRESA/ENTIDADE), con CIF (CIF), domicilio postal, no seu caso, ós efectos de notificacións en (DOMICILIO POSTAL), e con enderezo electrónico (EMAIL) presentou na Xefatura da Zona Centro de Portos de Galicia unha solicitude de autorización para a ocupación arriba descrita.

A superficie solicitada ten unha superficie de **28 m²** CUBERTOS, e se localiza no porto de **MUROS**.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Á vista que a solicitude presentada para utilización de superficie CUBERTA, conforme co disposto no artigo 58 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia dado que non concorre unha especial circunstancia de exclusividade, intensidade, perigosidade ou rendibilidade, trátase dunha autorización de utilización das instalacións portuarias descrita na letra a) do citado artigo 58.

A dita autorización rexeráse pola lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, pola Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade autónoma de Galicia, tarifa E-2, e no seu caso polo Regulamento de explotación e policía polas ordenanzas portuaria.

De acordo con todo o indicado e en virtude das atribucións conferidas o Xefe de Zona por delegación de competencias do Presidente resolta en data 25 de febreiro de 2019, publicada no DOG número 51 do 13 de marzo, en base o disposto no artigo 12.3.i) da lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.

RESOLVO:

Outorgar a (TITULAR) a autorización para utilización das instalacións portuarias para uso de superficie CUBERTA de **28 m²** PARA ALMACEN DE PERTREITOS DE PESCA DE EMBARCACIÓN PROFESIONAL, NO PORTO DE MUROS, baixo as condicións que figuran no anexo, dispoñendo o petionario dun prazo de DEZ (10) DÍAS contados dende o seguinte ó da notificación desta Resolución para alegar ou renunciar expresamente a presente autorización. Si en tal prazo non fixera manifestación algunha entenderase conforme ás condicións entrando en vigor na data indicada no condicionado que se achega a presente resolución.

Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-administrativo de Santiago, no prazo de DOUS (2) MESES contados desde o día seguinte ao da notificación desta Resolución.

Non obstante, o interesado poderá optar por interpor contra esta Resolución recurso potestativo de reposición, no prazo DUN (1) MES contado a partir do día seguinte ao da súa notificación, ante o mesmo órgano que a ditou, de acordo co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Mediante este documento notificáse esta resolución segundo o eixido no artigo 40 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.





PREGO DE CONDICIÓNS DA AUTORIZACIÓN DE UTILIZACIÓN DE SUPERFICIE CUBERTA SUXEITA A TARIFA E-2

A presente autorización réxese polas condicións xerais establecidas na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, nas regras establecidas para a tarifa E-2 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade autónoma de Galicia, polo regulamento de servizo, policía e réxime dos portos, aprobado por O.M. de 12 de xuño de 1976, e polas condicións xerais e particulares seguintes:

1ª.- A presente autorización outórgase a (TITULAR), en adiante TITULAR, para **UTILIZACIÓN DE DEPARTAMENTO Nº 11-D DO PORTO DE MUROS DESTINADO A ALMACÉN DE PERTREITOS DE PESCA DE EMBARCACIÓN DEPORTIVA.**

SUPERFICIE UTILIZADA : 28 m².

O uso a que se vai destinar o DEPARTAMENTO é exclusivamente o directamente relacionado coa actividade descrita no parágrafo anterior, non podendo almacenarse no mesmo ningún obxecto o mercadoría nin realizar actividade algunha que, a xuízo de Portos de Galicia, non estea relacionada con aquelas, e en ningún caso almacenarse materiais inflamables ou explosivos.

O outorgamento desta autorización non exime ó seu titular da obtención e mantemento en vigor das licencias, permisos e autorizacións que sexan legalmente esixibles.

2ª.- Esta autorización outórgase dende (DATA INICIO) ata (DATA FIN), e considerarase extinguida ó vencemento de dito prazo, estando obrigado o titular da autorización a desaloxa-lo dominio público ocupado.

3ª.- A utilización da instalación portuaria quedará baixo a vixilancia e inspección do persoal de Portos de Galicia. Se, a xuízo de Portos de Galicia, o tipo de mercadoría ou a forma do seu almacenamento non se axustase ó uso autorizado, ou constituíse perigo ou molestia, poderá este ordenar o seu levantamento con cargo ó usuario e sen prexuízo das sancións ás que este se fixera acredor.

Prohíbese a realización de calquera obra ou instalación de carácter permanente na instalación portuaria. Calquera tipo de obra ou instalación de carácter non permanente que o petionario desexe realizar deberá contar coa previa autorización de Portos de Galicia, quen poderá prohibila ou introduci-las modificacións que considere oportunas.

Non se poderán autorizar obras ou instalacións de calquera tipo que supoñan incremento de volume ou superficie construída da orixinariamente autorizada.

4ª.- A dita autorización outórgase a título de precario, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros, e sen cesión do dominio público nin das facultades dominicais da Comunidade Autónoma, e non é transferible.

5ª.- Se por necesidades do servizo fora preciso desaloxala ocupación autorizada, o titular desta deberá deixar libre a mesma no prazo que se lle indique por Portos de Galicia. Transcorrido o dito prazo sen realizala operación de desaloxo aplicárase a regra décimo cuarta da tarifa E-2 da Lei 6/2003 tanto no referente á tarifa a facturar como á retirada dos materiais depositados no dominio público ocupado.

Neste suposto será de ampliación a regra 9ª da Lei 6/2003 os efectos de facturar as ocupacións con orde de desaloxo.

6ª.- Portos de Galicia non será responsable do deterioro ou mingua das mercadorías, máquinas ou útiles que puidera haber na superficie ocupada, sexa cal fora a causa, nin dos accidentes que puideran producirse no mesmo.

7ª.- Queda expresamente prohibido o arrendamento, enaxenación ou calquera outro negocio xurídico que permita a terceiros o uso da superficie autorizada.

8ª.- O titular da autorización aboará, por trimestres vencidos, a contías indicadas na regra 7ª da Tarifa E-2 para superficie CUBERTA para e zona de LMACENAMENTO, no porto de categoría A recollida na Lei 6/2003, de 9 de decembro de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, coas actualizacións que correspondan en cada momento, así como a tarifa E-3 de fornecementos no suposto de que fora utilizado o dito servizo.

Na data do outorgamento o importe da taxa é de 0,079670 €/m² e día. A superficie a considerar será de **28 m²**.

No valor da tarifa non está incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, debendo aplicarse a dito valor os tipos impositivos vixentes en cada momento.

O titular da autorización deberá domicilia-lo abono das liquidacións emitidas por Portos de Galicia relativas a tarifa E-2 e E-3 orixinada pola ocupación que se autoriza nunha entidade bancaria.

En caso de falta de pagamento das liquidacións emitidas, Portos de Galicia utilizará para o seu cobro o procedemento administrativo de constrinximento, de conformidade co artigo 26 da Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia.





9ª.- Con independencia da tarifa estipulada na condición anterior, o titular da autorización está obrigado a aboar as correspondentes tarifas de servizos directos ou indirectos que poida recibir, excepto a de ocupación de superficie **CUBERTA** obxecto da autorización, como a tarifa E-3 no suposto de que existan fornecementos de auga o electricidade.

10ª.- O titular queda obrigado a conserva-las obras, instalacións e terreos obxecto da autorización en perfecto estado de conservación, utilización, limpeza, hixiene e ornato, realizando ó seu cargo as reparacións ordinarias e extraordinarias que sexan precisas.

Portos de Galicia poderá inspeccionar en todo momento o estado de conservación das obras e terreos concedidos, e sinala-las obras de reparación ou conservación que deban realizarse, quedando obrigado o titular da autorización a executalas ó seu cargo no prazo que se lle sinala.

Así mesmo, tomará as máximas medidas de seguridade para evitar calquera tipo de polución ou contaminación tanto na zona portuaria como nos seus aledaños, quedando expresamente prohibido o vertido de residuos ó mar, debendo cumprir en cada momento a normativa vixente nestas materias.

Se o estado de conservación das instalacións portuarias ou se as medidas tomadas polo titular da autorización para evita-la contaminacións foran insuficientes a xuízo de Portos de Galicia, este organismo poderá suspender calquera tipo de operación na instalación sen que o petionario teña dereito a ningunha indemnización.

O incumprimento desta condición será causa de caducidade da autorización.

11ª.- O titular da autorización deberá manter operativo en todo momento o sistema de prevención de riscos laborais. En cumprimento do disposto na Lei 31/1995 de prevención de riscos laborais e demais normativa de desenvolvemento, elaborará toda a documentación relativa ás obrigas que lle impón dita lexislación, documentación que deberán conservar e por a disposición da autoridade laboral, así como de Portos de Galicia, cando esta lle sexa requirida.

A acción preventiva deberá comprender todos os traballos, de calquera natureza, desenvolvidos polo titular nas instalacións autorizadas e, en xeral, na zona de servizo do porto. Así mesmo, nos termos que corresponda segundo a lexislación de prevención de riscos laborais, a acción preventiva do titular deberá de estenderse aos traballos que desenvolvan nas instalacións terceiros que efectúan algún traballo pola súa conta.

O titular da autorización, co fin de dar cumprimento ó indicado no artigo 24 da Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, desenvolta por el R.D. 171/2004, de 30 de xaneiro, comprometése ó seguinte:

- Recibir e trasladar o seus traballadores a Ficha de Información de Riscos e Medidas Preventivas dos portos. O dito documento está a súa disposición na páxina web www.portosdegalicia.com.
- Recibir e trasladar ós seus traballadores as Medidas de Emerxencia e Listados de Teléfonos de Emerxencias que están a súa disposición e na páxina web www.portosdegalicia.com
- No seu caso, acudir ás reunións en materia de coordinación de actividades empresariales que, no seu caso, lle propoña Portos de Galicia e acatar todas as instrucións de seguridade que emanen da dita entidade pública

12ª.- O cese na actividade para o que se autoriza a ocupación, a utilización para uso distinto do especificado na condición 1ª, ou o incumprimento de calquera das condicións anteriores, será causa de anulación inmediata da presente autorización.

13ª.- O incumprimento polo TITULAR de calquera das condicións anteriores así como a carencia dos permisos ou licencias esixibles por outras Autoridades ou Organismos competentes, implicará, sen prexuízo das sancións que sexan legalmente procedentes, a revogación unilateral desta autorización. Igualmente, a autorización poderá ser revogada unilateralmente e en calquera momento por esta Administración cando resulte incompatible con normativa ou con obras ou plans aprobados con posterioridade, entorpeza a explotación portuaria, ou impida a utilización do espazo para actividades de maior interese portuario.

14ª.- No non disposto no presente prego de condicións xerais e nas condicións particulares que, de ser o caso, se establezan polos servizos técnicos competentes de Portos de Galicia, estarase ao disposto na Lei 6/2017, do 12 de decembro, de portos de Galicia, na Lei 6/2003, de 9 de decembro, de taxas prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, e no seu defecto, nos preceptos que resulten aplicables da Lei 2/2013, de 29 de maio, de protección e uso sostible do litoral e de modificación da Lei 22/1988, de 28 de xullo, de costas, así como do seu regulamento aprobado polo Real Decreto 876/2014, de 10 de outubro, do Real Decreto Lexislativo 2/2011, de 5 de setembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de portos do Estado e da Mariña Mercante no Regulamento de servizo e policía dos portos aprobado por O.M. de 12 de xuño de 1976 e nas demais disposicións aplicables ás autorizacións sobre dominio público portuario.

